



ACTA DE ASEMBLEA ORDINARIA

Emprazamento: Sala de usos múltiples do Edificio Infantil - Primeiro Ciclo de Primaria do CEIP Ramón María del Valle Inclán

Data: xoves 19/12/2024

Hora de inicio: 18:30 horas

Hora de finalización: 20:32 horas

Asistentes: 16 nais e pais

De acordo coa orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea extraordinaria celebrada o 17/06/24.

Trala súa lectura queda aprobada por unanimidade.

2. Presentación da Programación Xeral Anual da ANPA 2024 2025.

Non hai preguntas ó respecto.

3. Estado de contas. Aprobación se procede.

Trala súa lectura queda aprobada por unanimidade.

4. Modificación estatutaria do Artigo 24º. Onde se recolle: “(...) Los acuerdos se tomarán por mayoría simple de las personas presentes o representadas (...)”; se indicará: “(...) Los acuerdos se tomarán por mayoría simple de las personas presentes o representadas. Todos los socios y socias pueden ejercer su voto a través del voto delegado. Cada presente puede representar como máximo a una persona asociada (...)”. Aprobación se procede.

Indícase que con esta modificación preténdese animar á presenza e participación activa das familias na asemblea. A asistencia a estas xuntanzas é a forma de poder informar axeitadamente, expoñer opinións, escoitar alternativas, dúbidas, suxestións e tomar acordos en torno a tódalas actividades da asociación.

Ábrese un debate en torno ó número de persoas que podería representar cada asistente. A varios dos presentes parécelle que un único voto delegado é un número baixo, que deberían ser dous votos delegados por asistente.

Trátase tamén o tema de se cada unidade familiar debe ter un único voto ou un por cada proxenitor. Conclúese que ter en conta os votos de cada proxenitor é o máis xusto, por exemplo, no caso de parellas divorciadas.

Vótase a opción proposta na convocatoria, con seguintes resultados:



Votos a favor: 7

Votos en contra: 10

Abstencións: 0

A continuación redáctase o artigo para que contemple os matices expostos na asemblea. Así, propónse que o artigo indique "(...) Los acuerdos se tomarán por mayoría simple de las personas presentes o representadas. Todos los socios y socias pueden ejercer su voto a través del voto delegado. Cada persona progenitora o persona tutora legal presente en la asemblea puede aportar como máximo dos votos delegados".

Vótase esta opción, acadando a súa aprobación, cos seguintes resultados:

Votos a favor: 16

Votos en contra: 1

Abstencións: 0

5. Horario de recollida do alumnado usuario de comedor para o curso 2025-2026. Aprobación se procede.

Propónse a creación de dúas quendas de recollida das crianzas do servizo de comedor, ás 15:15 e ás 15:45 horas.

A finalidade é poder optimizar os recursos de monitorado e aproveitar mellor o tempo de xogos do recreo. A organización dos tempos ademais promove unha entrega ordenada, segura e puntual.

Co actual modelo as recollidas realízanse ininterrompidamente dende ás 15.15 ata ás 16.00, o que provoca que o monitorado estea centrado eses 45 minutos só en entregar á cativada, non permitindo o desenrolo de dinámicas e actividades lúdicas no tempo de lecer.

Na actualidade as recollidas prolónganse ata as 16.15 horas, e a asociación non conta con recursos para soste ese horario. O servizo é ata as 16.00 horas, momento no que toda a cativada debe estar xa coas familias ou en extraescolares.

Un presente pregunta se hai marxe horaria no caso de non chegar ás 15.45 horas. Explícase que os horarios establecen o inicio da entrega, que se realizará progresivamente.

Unha presente considera que co modelo proposto os grupos de cativos terán máis tempo de espera durante as quendas de recollida.

Vótase a opción proposta na convocatoria, cos seguintes resultados:

Votos a favor: 3

Votos en contra: 13

Abstencións: 1

Vótase outra opción ampliando as quendas, cos seguintes resultados:

Votos a favor: 4

Votos en contra: 11

Abstencións: 1



Ningunha das propostas é aprobada, acordándose non modificar as entregas da cativada do servizo de comedor e seguir co modelo actual.

6. Horario do almorzo de Mañanceiros para o curso 2025-2026. Aprobación se procede.

Cada vez hai un maior volume de cativada que almorza ás 8.30 horas, o que dificulta o servizo. Para facilitar que almorcen con calma e teñan tempo para a hixiene dental antes do inicio das clases, propónse que o límite de horario para o almorzo sexan as 8:15 horas.

Vótase a proposta, que se aproba cos seguintes resultados:

Votos a favor: 12

Votos en contra: 0

Abstencións: 4

7. Información sobre o cambio de mobiliario de comedor. Proposta de financiamento do mobiliario pendente mediante a subvención de comedor solicitada á Xunta de Galicia. Aprobación se procede.

Na asemblea anterior aprobouse o cambio de mobiliario do comedor, destinando a totalidade da subvención da Xunta a este fin. Dado que o importe da mesma non acada a totalidade da inversión, propónse destinar a próxima subvención da Xunta (que se estima está a piques de ser notificada) a este fin.

Vótase a proposta, que se aproba cos seguintes resultados:

Votos a favor: 14

Votos en contra: 0

Abstencións: 1

8. Información sobre a cota de xestión de comedor.

No último consello escolar informouse da existencia dunha queixa presentada por unha familia do noso colexio ante a Xefatura Territorial, pola medida aprobada en asemblea de cobrar unha cota de xestión de 50€ ás familias non asociadas á ANPA para suplir todos os gastos que supón o mantemento da entidade e dos servizos ofertados.

A inspectora informou de que o caso está no gabinete xurídico da Xunta e que a medida non se pode aplicar no noso colexio.

A Xunta Directiva descoñece o contido da queixa, polo que vaise presentar un escrito ante a Xefatura Territorial para coñecer o motivo da mesma e en base a que normativa está baseada para poder proceder á nosa defensa. Precisamos ademais que se aclaren as funcións e competencias da ANPA. Solicitaremos coñecer a normativa que se está a aplicar no noso colexio, dado que a medida de cota de xestión para non asociados está sendo aplicada noutros colexios da contorna coa aprobación dos consellos escolares. Consideramos que existe unha desigualdade.

Seguirase informando ó respecto de todo o que aconteza ás familias asociadas.



9. Rogos e preguntas.

Unha presente refire que o seu fillo durante o recreo de comedor saíu da zona de xogo asignada e chegou á zona do portal de entrada do colexio.

Expón que a porta de entrada do centro debe garantir e preservar a integridade da cativada. Considera que para evitar accidentes a porta debe levar peche de retorno.

Ademais solicita un mellor mantemento e máis limpeza nas instalacións exteriores para evitar riscos no xogo da cativada.

A xunta directiva informa de que ambas observacións serán trasladadas ó Consello Escolar.

Outra presente suxire que se pregunte ó Consello Escolar a forma de coñecer os acordos que se toman nas xuntanzas que afectan ás familias, para que poidan estar convenientemente informadas.

Se máis asuntos que tratar se levanta a sesión ás 20:32 horas.

En Perillo a 19 de decembro de 2024

Asinado